

O mar como espazo de conflito

Gonzalo Parente Rodríguez

Os tempos por vir indúcennos a dar como feitos certos as hipóteses en que se basea este artigo, cuxas consideracións paso a desenvolver brevemente a modo de introdución: 1. As vulnerabilidades que ofrecen os espazos marítimos abertos ás accións delituosas e, en especial, ás terroristas. 2. O incremento das actividades marítimas como resultado dos maiores intercambios comerciais entre os pobos do mundo, especialmente dos transportes por mar de recursos petrolíferos. 3. A utilización de recursos marítimos, como os pesqueiros e os xacementos submarinos, van supoñer o inicio de numerosos litixios entre as nacións lindantes.

Deste modo, nos próximos anos haberá que poñer maior atención á seguridade dos espazos marítimos, xa que se pode esperar un requentamento das relacións internas e externas das nacións marítimas a causa dos seguintes factores que expoño sucintamente:

1°. O consumo do petróleo duplicouse nos últimos 50 anos. No ano 2000, o mundo consumía 73.000.000 de barrís diarios que, no ano 2020, calcúlase que alcance a cifra de 110.000.000 de barrís diarios.

2°. A necesidade de dispoñer de recursos enerxéticos básicos para a vida dos países desenvolvidos, tal como o petróleo e o gas natural, cuxa diminución prevese que se agrave ao redor do ano 2030.

3°. O aumento da poboación mundial que, nos últimos 50 anos, pasou de 2.600 millóns a 6.000 millóns, pode levar á necesidade de incrementar o intercambio e extensión dos recursos alimentarios. Segundo os cálculos do Banco Mundial, a poboación do planeta no darredor do ano 2050 será de 8.000 millóns. O norte de África pasará de 175 millóns no ano 2000 a 328 millóns no ano 2050.

4°. A auga doce tamén vaise a converter nun ben escaso debido a factores tan patentes como son os xa indicados aumento da poboación e falta de recursos enerxéticos, o que xunto ao proceso de industrialización e o cambio climático que leva consigo a desertización, dan una idea do panorama das necesidades de auga.

As consideracións precedentes constitúen o enramado de razóns básicas que inducen a pensar na revalorización dos espazos marítimos, con especial atención á seguridade necesaria e imprescindible das operacións de tráfico marítimo que, sen dúbida, vanse incrementar nos próximos anos.

Precisamente, a prevención de conflitos, concepto tan en boga e tan pouco desenvolvido, deberíanos levar á planificación das organizacións de seguridade marítima que poidan ser requiridas para que o tráfico marítimo do noso entorno e a responsabilidade poidan transcorrer libres de ameazas terroristas ou paliar as catástrofes previsibles propias dos riscos no mar.

Así pois, o choque de intereses, as ameazas e os riscos son os ingredientes dos futuros conflitos marítimos que se poden prever e que só se fan presentes cando saltan ás páxinas da noticia. Pero todas as circunstancias previsibles condúcennos á necesidade de valorar as condicións de posibles conflitos nos espazos marítimos do noso contorno.

Debemos pensar que as circunstancias que caracterizan a situación mundial, xunto co fenómeno da globalización a gran escala, intensificaron as relacións entre as nacións. Todo isto xera dependencias de movementos e transportes de persoas, mercadorías e recursos, en que o mar se ofrece como un espazo indispensable.

A cuestión é tan evidente que, se observamos as tendencias máis próximas, comprobaremos que se está a producir un aumento do tráfico marítimo e as correspondentes medidas para a construción de portos exteriores, como son os casos de Ferrol e A Coruña, estacións marítimas para recepción de gas (tamén serve no caso de Ferrol) e terminais para petroleiros. Todo isto leva consigo un incremento da construción de buques especializados para os distintos tipos de transporte marítimo.

Por outro lado, a seguridade antiterrorista dos espazos marítimos máis sensibles, como o estreito de Xibraltar, levaron á OTAN e aos gobernos implicados a colaborar en operacións de seguridade á navegación en zonas marítimas de maior vulnerabilidade.

O mar Mediterráneo, como espazo marítimo de comunicación intercontinental entre os países produtores de petróleo e gas do norte de África, Oriente Medio e o Cáucaso, cos países consumidores de Europa, teñen tres estreitos xeográficos de primeira orde: Xibraltar, o canal de Suez e o Bósforo. Nos tres puntos de comunicación marítima estanse tomando medidas de seguridade para constituír espazos de máxima vulnerabilidade.

O Departamento de Enerxía de EUA publica unha lista de seis puntos de estreitamento do tráfico petroleiro mundial (World Oil Transit Choke Points) onde amosa que ao redor do cincuenta por cento do petróleo transita polos estreitos marítimos do mundo. Pero non se debe esquecer que, independentemente dos xacementos petrolíferos coñecidos, estanse facendo prospeccións en zonas marítimas do norte e o sur de África, no ámbito do interese estratéxico español. Pódese albiscar así unha remodelación das influencias exteriores en espazos marítimos conflictivos como son a área sahariana e o golfo de Guinea, ambas no Atlántico sur.

Coa remodelación do panorama estratéxico na zona atlántica africana, co incremento do tráfico petroleiro previsto para os próximos anos, co aumento dos litixios no ámbito marítimo, por cuestións de pesca, de límites ou de control da inmigración e do tráfico comercial, pódese esperar un aumento das actividades marítimas que esixirán un maior interese pola seguridade marítima, o cal implicará unha maior disposición e previsións para a construción de medios navais.

A era global recentemente iniciada sorprendeu á maioría das nacións que se ven implicadas en conflitos externos, afastados e que non afectan directamente aos seus intereses nacionais. A globalización dos conflitos produciu efectos contrarios,

por unha banda a unión dos esforzos para defensa dos dereitos humanos de poboacións civís desprotexidas mentres que, por outra banda, contrariamente, estanse a producir efectos de fractura polo empuxe e ambición dos nacionalismos.

En todo caso, o mar como espazo de comunicación está sendo utilizado para o transporte de axuda humanitaria con tropas para ofrecer seguridade, envío de alimentos ou acercamento de medios sanitarios, incluíndo hospitais a flote e en terra. Todo isto na conxunción de novos tipos de conflito, fan do mar un espazo considerablemente estratéxico e valioso para as relacións internacionais e a defensa dos intereses propios, co cal ventílase en gran forma o futuro e a supervivencia das nacións industrializadas avanzadas.

Gonzalo Parente Rodríguez é coronel de infantería e analista estratéxico

Anexo

O cadro de reservas mundiais de gas e petróleo exposto a continuación, confirma a maraña de intereses nacionais e internacionais que se moven pola mar.

Reservas mundiais de petróleo e gas (xaneiro de 2001)

Petróleo

País/rexión	% mundial	nº orde
América do Norte	5,35	
México	2,72	9
EUA	2,17	12
Canadá	0,51	20
América Central e do Sur	7,97	
Venezuela	6,13	6
Brasil	0,82	16
Outros países	1,20	
Europa Occidental	1,72	
Noruega	0,96	14
Outros países	0,76	
Europa Oriental e ex-URSS	6,15	
Rusia	5,06	7
Outros países	1,09	
Oriente Medio	65,85	
Arabia Saudí	25,93	1
Iraq	11,20	2
Kuwait	9,61	3
Irán	9,16	4
Emiratos Árabes	7,96	5
Qatar	0,93	15
Omán	0,56	19
África	7,94	
Libia	2,93	8
Nixeria	2,29	11
Alxeria	1,08	13
Angola	0,71	18
Outros países	0,93	
Asia e Oceanía	4,98	
China	2,69	10
Indonesia	0,72	17
Outros países	1,57	
Total reservas do mundo	100,00	

Gas

País/rexión	% mundial	nº orde
América do Norte	5,10	
EUA	3,30	6
Canadá	1,13	16
Outros países	0,67	
América Central e do Sur	4,46	
Venezuela	2,74	8
Outros países	1,72	
Europa Occidental	2,90	
Holanda	1,13	17
Outros países	1,77	
Europa Oriental e ex-URSS	36,72	
Rusia	31,61	1
Turkmenistán	1,88	12
Usbequistán	1,23	14
Casaquistán	1,21	15
Outros países	0,79	
Oriente Medio	35,76	
Irán	16,22	2
Qatar	7,34	3
Arabia Saudí	3,94	4
Emiratos Árabes	3,88	5
Iraq	2,07	10
Kuwait	1,02	18
Outros países	1,20	
África	7,52	
Alxeria	2,94	7
Nixeria	2,32	9
Libia	0,86	19
Outros países	1,40	
Asia e Oceanía	7,51	
Indonesia	2,04	11
Malaisia	1,52	13
China	0,84	20
Outros países	3,11	
Total reservas do mundo	100,00	

Nota: Estes datos foron obtidos do libro *Señores y Vasallos del Siglo XXI*, de Antoni Segura, Alianza Editorial, Madrid 2004, pp103-104.